



Concello de Baralla

CONVOCATORIA PARA A SESIÓN ORDINARIA A CELEBRAR POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA 31 DE MARZO DE 2022.

SEÑORES/AS:

SR. D. MANUEL FERNÁNDEZ GÓMEZ
SR. D. ÁNGEL RODRÍGUEZ BARCIA
SR. D. MANUEL RODRÍGUEZ VILELA
SR. D. ALBERTO ENRIQUE PARAJUÁ ALONSO
SR. D. RUBEN ARMADA LÓPEZ
SRA. D^a. MARÍA ROSA CALOTO LÓPEZ
SR. D. MANUEL MOURELOS GONZÁLEZ
SR. D. JOSÉ JAIME GONZÁLEZ DEL RÍO
SRA. D^a. PATRICIA LÓPEZ FERNÁNDEZ
SR. D. XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO

Convócase aos/ás señores/as concelleiros/as que se relacionan anteriormente para a sesión ordinaria a celebrar polo Pleno no Centro Sociocultural e Xuvenil do Concello de Baralla, o **día 31 de marzo de 2022 ás 13 horas**, en primeira convocatoria.

De non existir en primeira convocatoria o quórum necesario, isto é, un terzo do número legal de membros da Corporación, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois, salvo que coincida con días festivos ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase o primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres/Sras. Concelleiros/as na Secretaría do Concello.

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión do Pleno celebrado o día 27 de xaneiro de 2022.
- 2.-Dación de conta das Resolucións de Alcaldía adoptadas dende a última sesión plenaria ordinaria da Corporación celebrada o 27 de xaneiro de 2022.
- 3.-Dación de conta da liquidación do orzamento municipal 2021 e informe de Secretaría-Intervención sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra do gasto, aprobada pola Xunta de Goberno en sesión de data 16 de febreiro de 2022.
- 4.-Moción do PS de G-PSOE relativa a unha declaración institucional do Concello de Baralla para acoller refuxiados ucráinos e solicitude de axudas e preparación de medios e ubicacións para a súa acollida.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

5.-Moción do PS de G-PSOE relativa a instar á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia a avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, así como incrementar no noso Concello as medidas que poidan favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e impulsar medidas de sensibilización e fomento da corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas.

6.-Moción do PS de G-PSOE solicitando a reparación a estrada a Cernadas, Fonte dos Poios e Casar de Munín.

7.-Moción do BNG relativa á implantación dun sistema de transporte para o ensino non obrigatorio para os alumnos e alumnas do Concello de Baralla.

8.-Moción do BNG para a mellora e mantemento dos servizos ferroviarios de Lugo.

9.-Moción do BNG relativa á presentación de alegacións polo Concello de Baralla ao proxecto parque eólico Reboiro.

10.-Moción do BNG relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galegos e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.

11.-Rogos e preguntas.

A presente convocatoria e orde do día deberán ser notificadas ós Srs./Sras. Concelleiros/as no seu domicilio, debendo quedar acreditado este requisito mediante as firmas pertinentes, mostra de conformidade co seu cumprimento.

Baralla, 28 de marzo de 2022

O ALCALDE,
Asdo. Miguel González Piñeiro.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

